



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: O patrimonio cultural como instrumento de desenvolvemento sustentable e de relevancia turística

CONVOCATORIA: Curso monográfico O patrimonio cultural como instrumento de desenvolvemento sustentable e de relevancia turística

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	12
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2019
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	C.MONOGRÁFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 23/03/2019 - 08:00h ao 31/03/2019 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Este curso monográfico ten como finalidade analizar os cambios normativos producidos coa aprobación da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, e a configuración da protección do noso patrimonio cultural, con especial referencia ao planeamento urbanístico. De igual forma, adiántanse as futuras modificacións que na protección do patrimonio cultural e na elaboración do planeamento urbanístico suporá a futura Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, en tramitación parlamentaria.

Estudaranse tamén aspectos novos como a inclusión da lingua e da toponimia por vez primeira na lei como patrimonio cultural inmaterial, fálase dos retos no ámbito arquivístico e bibliotecario e afondarase no patrimonio inmaterial escasamente tratado e no patrimonio arqueolóxico.

Esta actividade resulta esencial para todo o persoal ao servizo de calquera das administracións públicas encargado do estudo e aprobación de plans urbanísticos, en especial para o persoal ao servizo da Administración local encargado da elaboración do planeamento municipal, da tramitación das licenzas urbanísticas, da súa concesión, persoal dos seus servizos xurídicos, membros das súas escalas de arquitectos/as, enxeñeiros/as, arqueólogos/as ou membros dos colexios profesionais de arquitectos/as, avogados/as e enxeñeiros/as.

DESTINATARIOS

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, dos seus entes instrumentais, das universidades do Sistema universitario de Galicia, profesionais e persoas interesadas en xeral.

PROGRAMA

Como temas principais que se van tratar neste curso monográfico destacan os seguintes.

- O Camiño de Santiago, elemento vertebrador do patrimonio cultural e do turismo.
- A repartición competencial en materia de patrimonio cultural e turismo.
- A protección legal e xurisprudencial do patrimonio cultural.
- O patrimonio cultural e o planeamento urbanístico: o Camiño de Santiago, as modificacións da futura Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- O patrimonio inmaterial de Galicia.
- A lingua e a toponimia como patrimonio inmaterial.
- O patrimonio arqueolóxico.
- O patrimonio cultural e o turismo: coordinación das políticas turísticas e de protección do patrimonio cultural, medidas contra a contaminación luminosa.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 04/04/2019 a 05/04/2019

NUM. PRAZAS: 286

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

JOSÉ LUIS BARREIRO RIVAS

CARMEN MARÍA SALGUEIRO MOREIRA

María Isabel Novo Castro

MARIA DOLORES RIVERA FRADE

Vicente Feijoo Ares

Jorge Mira Pérez

Mª Luisa Pérez Rodríguez

Salvador Xurxo Bará Viñas

DIEGO GOMEZ FERNANDEZ

Ana Isabel Filgueiras Rei

FRANCISCO JAVIER FERNANDEZ VAZQUEZ

MARIA DEL CARMEN PITA URGOITI

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALON DE ACTOS: O día 04 de abril de 10:00 a 14:30. O día 04 de abril de 16:30 a 18:00. O día 05 de abril de 09:00 a 14:50. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA